

## ALVARELLOS EDITORA LEVA Á HABANA AS SÚAS COLECCIÓN “RESCATE” E “A LUME LENTO”

**Santiago, 10 de febreiro de 2008.**- Alvarellos Editora estará presente, a partir deste martes día 12 e ata o próximo 24, na XVI Feira Internacional del Libro de La Habana, dentro do Pavillón de Galicia promovido pola Consellería de Cultura.

Alvarellos exporá e venderá varios títulos do seu catálogo, en concreto, algúns dos pertencentes ás coleccións Rescate –de recuperación de clásicos contemporáneos de cultura galega–, e a gastronómica “A lume lento”.

Dentro da Colección Rescate, venderase na Habana o volume *Viajes y yantares por Galicia* de Álvaro Cunqueiro, *Teoría de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo e *Sesenta gallegos ilustres* de Francisco Fernández del Riego. A Colección Rescate, da que xa están editados oito volumes (estes días sae á venda *Versos a Compostela* de Rosalía de Castro e o próximo mes farao *Balada de los mares del Norte* de Urbano Lugrís) foi finalista en 2006 dos premios Irmandade do Libro da Federación Galega de Libreiros.

Así mesmo, dous volumes da colección “A lume lento” estarán presentes na feira cubana: *45 recetas con ortigas*, do chef ourensán Martín Álvarez, un libro que recibiu en 2006 dous premios Gourmand (os Óscar internacionais aos libros gastronómicos), e o recentemente publicado *50 recetas con filloas*, de varios autores da comarca de Santiago, acreedor o pasado mes de xaneiro do Premio Álvaro Cunqueiro de Gastronomía 2008 como mellor libro gastronómico publicado en Galicia no último ano.

O director da editorial, Henrique Alvarellos, estará presente na Habana entre os días 18 e 24 deste mes coa finalidade de participar activamente nos actos organizados no certame e para pechar asimesmo diversos acordos con distribuidores de libros de Hispanoamérica (México, Arxentina, Chile ou Uruguai).

Saúdos cordiais,  
Depto Comunicación  
Alvarellos Editora.  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
[correo@alvarellos.info](mailto:correo@alvarellos.info)  
609 90 88 52



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52